

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

APROBACIÓN DE AMPLIACIÓN DE CRÉDITO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS EN MATERIA DEPORTIVA DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES PARA 2025.

Anuncio de aprobación de ampliación de crédito da convocatoria de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes para 2025 (exp. 321/2025).

Por medio do presente anuncio faise público para o xeral coñecemento o acordo do Consello Reitor do 19.11.2025 que a continuación se reproduce na súa literalidade:

“2.- Aprobación, se procede, da proposta de ampliación do crédito orzamentario da convocatoria de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes para o 2025 (exp. 321/2025).

(...)

O Consello Reitor, de conformidade coa proposta que forma parte do expediente, por oito (8) votos a favor –4 DO, 2 PP e 2 PSdG-PSOE- e unha (1) abstención -1 BNG-, acorda:

Primeiro.- Aprobar a ampliación do crédito destinado á convocatoria de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes para 2025 aprobada polo Consello Reitor na sesión do 12.06.2025, na contía de 210.000,00 € ao abeiro do disposto na base 3ª da bases reguladoras da convocatoria publicadas no BOP de Ourense núm. 122 do 27.06.2025.

Segundo.- Modificar os puntos 3 e 4 -no apartado cuarto do extracto da convocatoria- quedando coa seguinte redacción:

“(...)

3.- Autorizar o gasto por importe de oitocentos dez mil euros (810.000,00 €) con cargo á aplicación 3410-48010 do orzamento do Consello Municipal de Deportes vixente para 2025 (Rcs. Núms. 202500002915, 202500002916; 202500002917 e 202500004977).

4.- Remitirlle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

Extracto do acordo da convocatoria pública de subvencións en materia deportiva do ano 2025 do Consello Municipal de Deportes de Ourense (exp. 321/2025)

(...)

Cuarto. Contía

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48010 do orzamento do CMD para o exercicio económico 2025, nos seguintes importes:

Liña 1: cen mil euros (100.000,00 €)

Liña 2: cincocentos cincuenta mil euros (550.000,00 €)

Liña 3: cento sesenta mil euros (160.000,00 €)



(...)"

Terceiro.- Publicar este acordo na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense para xeral coñecemento coa advertencia de que non supón a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Cuarto.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativa-mente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente".

Ourense, na data de sinatura electrónica. O presidente do CMD.

Asdo.: Aníbal Pereira Novoa.

R. 2.815

